

Crónica da xornada de Folga Xeral 29M (I)

Diferentes grupos de piquetes informativos da CGT se puxeron en marcha dende última hora da tarde e concentráronse en varias empresas e polígonos industriais da cidade.

Na empresa Eurocen, do sector do telemarketing, os traballadores e traballadoras consiguen que non se impartan os cursos de formación previstos para o día da Folga Xeral. Tra-la presión colectiva, a empresa ten anunciado que os cursos non se levarán a cabo mañá.

Na empresa Zara Logística, no polígono de Sabón, un grupo de máis dun cento de traballadores se ten concentrado nas entradas coincidindo cós cambios de quenda de traballo. O seguimento da folga en Zara Logística está a ser practicamente total en tódolas quendas que tiñan a entrada ás 22, 23 e 00 horas. Un helicoptero policial sobrevoou en todo momento a entrada da factoría, vixiando a presenza do piquete. Non houbo incidentes xa que case ningún traballador optou por non secundar a folga.



Outro piquete de militantes de CGT concentrouse pouco antes da medianoite fronte a entrada da empresa de telemarketing Atento, na zona centro da cidade. Membros das asembleas locais do 15M tamén participaron no piquete. En total, medio cento de piquetes concentradas na entrada da empresa. Logo de se retirar a maior parte do piquete, a empresa tentou que regresaran algúns traballadores e traballadoras que á medianoite comezaran a xornada de folga, pero a intervención dos membros do comité de folga impediu que saíran coa súa.



En CEPSA, a empresa concesionaria do servizo de recollida, do lixo tiveron lugar incidentes entre esquiros e piquetes que tiñan bloqueada a saída de camiións das cocheiras. Finalmente os poucos camiións en servizos mínimos que lograran saír gracias á escolta policial, volveron a entrar.